XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

XACOBEO 2010 Galicia

# FICHA RESUMO

**PE 403A 2010/9-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2011 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS |
| **Plan explotación**(1) | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE ALGAS |
| **Réxime** (2) | LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO |
| **Modalidade solicitada** (3) | MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE |

| | |
|---|---|
| **Especies** | *Laminaria ochroleuca, Undaria pinnatifida, Saccorhyza polyschiches)*. |
| **Ámbito do plan** | De praia Canabal a punta Couso, Illas Cíes incluídas. |
| **Subzonas de explotación**<br>**Protección:**<br>**(1) Parque Natural Illas Atlánticas**<br>**(2) LIC Costa da Vela** | Bancos:<br>VI XXX - Área 1: Illa norte das Illas Cíes(1)<br>VI XXX - Área 2: Illa sur das Illas Cíes(1)<br>VI XXX - Área 3: Punta Subrido a Punta Couso(2)<br>VI XXX - Área 4: Punta Subrido a Punta Borneira<br>VI XXX – Área 5: Punta Borneira a Punta Canabal |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| - | 5 | 14 |
| **Ampliación do número de permex** (4) | | **Non** |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| - | - | - |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 90 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** (5) : de xaneiro a xullo | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade**(3)**:** Mergullo con subministro de aire dende superficie. | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | Abril | maio | xuño | xullo | Agosto | setemb | outub | novemb | Dec |
| X | X | X | X | X | X | X | | | | | |

| **Topes de captura** | | | |
|---|---|---|---|
| **Especies** | **A pé** | **Embarcación/día** | **Tripulante enrolado e a bordo/día** |
| Algas (para o conxunto das especies) | | 1500 kg | 500 kg |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Mergullo con subministro de aire dende superficie. |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Lonxa de Cangas. |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Cangas |

| **Accións a realizar** (7) | **Épocas probables** (8) | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| **Limpezas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25


**Consideracións**

**Ambito do plan:** A actividade dentro do ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas desenvolverase de conformidade co establecido no Plan Rector de Usos e Xestión (PRUG) aprobado para o Parque Nacional.

**Especies:** Solicitan a extracción de 15 especies de algas, sen embargo dende 2002 unicamente explotan 3 especies que son as que se autorizan: *Laminaria ochroleuca, Undaria pinnatifida e Saccorhyza polyschiches*.

**Calendario:** O número de días propostos é elevado tendo en conta a evolución da campaña en anos anteriores (entre 60-70 días), polo que se reducen a 90.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos. de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos da explotación do mes anterior. Na petición de apertura tamén deberán indicar a empresa que pretende adquirir as algas, de coñecerse.

**Actividade de mergullo:**

O informe da actividade de mergullo de data 12.11.2009 é favorable para autorizar a realización das inmersións necesarias par a execución do plan, sempre que sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente, coas seguintes particularidades:

- Cadúcalles a tarxeta de recolector submarino en decembro de 2010: …………………..
- Cadúcalle a tarxeta de recolector submarino en febreiro de 2011: ………………………

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira apertura mensual deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

**Recomendacións** para a mellora do plan.

- Deberá revisarse, xunto co biólogo de zona, a subdivisión das zonas de traballo.

**Informe do P.N. Illas Atlánticas:** A Admnistración do Parque Nacional da Illas Atlánticas emitiu informe, con data do 29 de novembro de 2010, respecto ao plan presentado, no que se establecen as seguintes condicións relativas ao ámbito territorial do parque:

- Soamente se permite a extracción de algas alóctonas e recoméndase que se centre a recolección en *Undaria pinnatifida*, especie alóctona e así contribuír a evitar a súa presenza no Parque Nacional xa que é unha especie introducida sen interese ecolóxico para o P.N.
- Que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque.